

MEMORIA DE ACTIVIDADES

I. Datos da entidade

Nome da entidade: Asociación Dignidad – Galicia

Data de constitución legal: 17 de decembro de 1994

Área de actuación: Exclusión social (muller, menores, persoas maiores e persoas cunha discapacidade)

Ámbito territorial: Comunidade Autónoma de Galicia

II. Finalidade da entidade

MISIÓN:

DIGNIDAD-GALICIA é unha asociación sen ánimo de lucro que traballa principalmente na comarca de Ferrolterra con persoas e familias en risco de exclusión social.

Ten como misión contribuir a que menores, mulleres, persoas maiores e persoas cunha discapacidade, poidan vivir nunhas condicións dignas e mellorar de xeito integral a súa realidade en todos os ámbitos.

Para elo, realiza cantas accións sexan necesarias, proporcionando a cobertura das necesidades básicas da persoa, así como as de seguridade, promovendo tamén a súa autoestima.

VISIÓN:

Dignidad quere motivar e impulsar á persoa para que sexa quen de desenvolverse por sí mesma, favorecendo a súa autonomía e contribuíndo ó seu crecemento integral para acadar así o pleno desenrolo da dignidade humana.

Tamén aspira a consolidarse e desenvolverse como entidade, ademáis de adquirir unha economía saneada a través da autofinanciación, para poder proporcionar ás persoas un emprego digno e estable, así como a formación e o apoio que precisen en calquer ámbito que favoreza o seu desenrolo personal.

FINS:

Serán fins concretos segundo os estatutos:

- Atención e axuda integral a menores, persoas cunha discapacidade, persoas maiores e mulleres con dificultades biopsicosociais e / ou en situación de precariedade, pobreza, exclusión ou marxinação social; sen distinción de nacemento, sexo, idade, nacionalidade, etnia, opinión, ideoloxía ou relixión; ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- Prevención e superación das problemáticas derivadas da desintegración familiar, así como a atención dos menores en situación de desvantaxa ou inadaptación social.
- Desenrolo de programas orientados de cara á normalización, personalización e integración sociofamiliar dos menores.
- Integración social e laboral das persoas cunha discapacidade.
- Favorecer a autonomía personal das persoas con discapacidade.
- Fomentar a permanencia das persoas maiores no seu medio o maior tempo posible, así como promover a súa autonomía personal.
- Colaborar coas diferentes entidades e organismos na prestación de axudas técnicas.
- Facilitar atención, acollida, información e asesoramento a mulleres, para previr a discriminación, o desamparo e a exclusión social.
- Incentivar a formación e a participación social da muller.

- Atención a situacións carenciais dos colectivos especificados e outros sen especificar cando se valore que se atopen unha situación de emerxencia social.
- Fomento e promoción do voluntariado social na comunidade.

Dignidad quere motivar e impulsar á persoa para que sexa quen de desenvolverse por sí mesma, favorecendo a súa autonomía e contribuíndo ó seu crecemento integral para acadar así o pleno desenrolo da dignidade humana.

III. Centros, servizos ou actividades que dependan da entidade ou que esta preste

1. PROXECTO DE EMERXENCIA SOCIAL

Este programa fundaméntase na cobertura das necesidades básicas primarias de alimentación, vestido, mobiliario da vivenda, electrodomésticos esenciais, cobertura de facturas fundamentais,... Oriéntase ás familias que están próximas ou por debaixo do umbral da pobreza.

Desenvólvese na comarca de Ferrolterra (A Coruña), Viveiro (Lugo), Vigo (Pontevedra) e Ourense.

Nº de persoas beneficiadas: 1508.

2. PROXECTO CENTRO DE RECURSOS SOLIDARIOS

No marco deste convenio desenvólvense diferentes accións dende o programa de Centro de Recursos Solidarios, xestionado pola entidade e Cáritas Diocesana Mondoñedo-Ferrol.

O programa fundaméntase na cobertura das necesidades básicas de alimentación, vestido, condicións mínimas de habitabilidade da vivenda de persoas e familias.

Realízase a través da captación de recursos dinerarios, alimentarios, de vestimenta, de mobiliario, de atencións profesionais ás persoas e cantas aportacións en especie poidan servir para paliar as situacións de emerxencia social das familias como consecuencia da actual situación económica.

3. PROXECTO ATENCIÓN INTEGRAL A FAMILIAS INMIGRANTES

Dirixido especialmente a mulleres inmigrantes con fillos a cargo, axudándolles a atopar vivenda, manutención, apoio psicosocial e educativo para os pais, así como atención psicopedagóxica para os fillos.

Desenvólvese na comarca de Ferrolterra (A Coruña)

Nº de persoas beneficiadas: 189.

4. PROXECTO CENTRO DE MENORES (CASA DE FAMILIA).

Os centros pertencen á rede de centros concertados da Xunta de Galicia, coa que se formalizou un contrato de prestación de servizo público. Están dirixidos a menores en situación de atención de día, garda ou tutela pola Administración Autonómica e subvencionados pola Xunta de Galicia. Consellería de Traballo e Benestar.

Un dos centros de protección de menores (Casa de Familia) ten recoñecida a certificación có selo de calidade da Norma UNE ISO 9001:2008 de Sistemas de Xestión da Calidade.

Desenvólvese en Ferrol e na cidade de A Coruña (A Coruña)

Nº de persoas beneficiadas na Casa de Familia de Ferrol: 19.

Nº de persoas beneficiadas na Casa de Familia de A Coruña: 12.

6. PROXECTO ACOMPAÑAMENTO SOCIAL A MULLERES XESTANTES E LACTANTES CON FILLOS MENORES DE TRES ANOS.

O proxecto de acompañamento social para nais xestantes e lactantes con fillos menores de tres anos, presta servizos de información, asesoramento, búsqueda de recursos, apoio psicolóxico, formación en habilidades sociais e cursos de cuidados pediátricos básicos, orientación para o emprego, axudas de emerxencia puntuais, acompañamento social, seguimento médico durante a gravidez e posparto para as nais e pediátrico no caso dos menores..., coa finalidade de fomentar a autonomía persoal das nais, evitar posibles situacións de risco dos fillos, e durante o periodo xestacional e facilitar o acceso ó mundo laboral.

Desenvólvese na comarca de Ferrolterra (A Coruña)

Nº de persoas beneficiadas: 49 directas, 129 indirectas.

7. PROXECTO DE ATENCIÓN A MULLERES EN ALTO RISCO DE EXCLUSIÓN

Dirixido a mulleres que se atopan en situación de exclusión e que ó tempo que se leva a cabo a intervención social, precisan dun servizo de aloxamento alternativo

Desenvólvese na comarca de Ferrolterra (A Coruña)

Nº de persoas beneficiadas: 7.

8. PROXECTO CAMAS HOSPITALARIAS (CONVENIO CÓ SERGAS).

Mediante un acordo de cesión temporal de uso do mobiliario non sanitario entre o Complexo Hospitalario Arquitecto Marcide – Profesor Novoa Santos e Dignidad xestionase este programa dirixido a

pacientes que recibindo a alta hospitalaria aínda precisan deste mobiliario.

Desenvólvese na comarca de Ferrolterra (A Coruña)

Nº de persoas beneficiadas: 76.

9. PROXECTO FORMACIÓN OCUPACIONAL DE LABORTERAPIA

Está dirixido a mulleres e ten como finalidade xerar unha conciencia de grupo e de axuda mutua no que se cree un ambiente propicio para que mulleres con distintas problemáticas compartan as súas experiencias mentres aprenden a facer labores. O proxecto está coordinado por unha monitora e funciona dúas tardes por semana.

Desenvólvese na comarca de Ferrolterra (A Coruña)

Nº de persoas beneficiadas: 5.

10. TENDAS SOLIDARIAS (HIXIENIZACIÓN E RECICLAXE DE ROUPA)

Durante anos, a Asociación axudou a financiar algúns proxectos a través da venda de prendas de roupa de segunda man. Despois de máis de 15 anos de traballo neste sector coa colaboración do voluntariado, advírtese que se a roupa pasa por un proceso de hixienización pódense acadar maiores niveis de vendas, que permitirían xerar postos de traballo para persoas que se atopan en situación de exclusión social, así como colaborar coa axeitada conservación do medio ambiente alongando a vida da roupa e evitando que ésta pase a formar parte dos miles de toneladas de residuos sólidos urbáns da cidade. Ó tempo posibilita entregar, ós beneficiarios do programa de Emerxencia Social, a roupa que precisan nunhas condicións óptimas.

Desenvólvese na comarca de Ferrolterra (A Coruña), Santiago de Compostela (A Coruña), Viveiro (Lugo), Vigo (Pontevedra) e Ourense

Nº de persoas beneficiadas: 1508.

11. PROXECTO DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS Á COMUNIDADE DE MENORES DE IDADE

A medida de prestacións en beneficio da comunidade defínese como unha intervención educativa a instancia xudicial que implica a realización por parte do menor, de actividades non retribuídas, de interese social ou en beneficio das persoas en situación de precariedade. Búscase relacionar a natureza destas actividades coa natureza do ben xurídico lesionado polos feitos cometidos polo menor e require do consentimento expreso deste, segundo se describe na Ley Orgánica 5/2000.

En diferentes ocasións demandouse da entidade a posibilidade de que menores con medidas xudiciais presten, a instancia do xuez, servizos á comunidade no marco dos programas da asociación.

Desenvólvese na comarca de Ferrolterra (A Coruña)

Nº de persoas beneficiadas: 2.

12. PROXECTO DE TRABALLOS EN BENEFICIO DA COMUNIDADE

O Tráballo en Beneficio da Comunidade é unha medida alternativa ó ingreso en prisión e unha pena privativa de dereitos. Para quenes o realizan comporta unha función reeducativa á vez que fai algo útil e proveitoso para a sociedade.

A súa imposición require o consentimento do penado e o obriga a prestar a súa cooperación non retribuída.

A Administración Penitenciaria supervisará as súas actuacións e lles prestará o apoio e asistencia necesarios para o seu eficaz desenvolvemento. O penado poderá propoñer unha tarefa concreta á Administración Penitenciaria, como cumprimento da pena.

A persoa sometida a esta medida está obrigada a invertir un determinado tempo no desenvolvemento da tarefa que se lle asignou. Entre as moitas ventaxas que aporta este tipo de sanción conta coa de ser unha medida igualitaria que se cumpre en liberdade e evita polo tanto a ruptura coa vida familiar, laboral e social do penado, ademáis de promocionar valores como a solidariedade, a responsabilidade e o ben común

Desenvólvese na comarca de Ferrolterra (A Coruña)

Nº de persoas beneficiadas: 6.

13. PROXECTO DE XESTIÓN DO CENTRO MUNICIPAL DE PERSOAS MAIORES

Trátase dun local social con actividades destinadas a maiores de 60 anos, con apertura de luns a domingo, incluídos días de festa, que consta de servizo de cafetería e onde se organizan festas tradicionais, bailes, actividades como xogos de mesa (baralla, dominó, dados, parchís,...)

14. OUTRAS ACTUACIÓNS

- Membro do Consello Sectorial de Servizos Sociais do concello de Ferrol.
- Colaboración en varios proxectos de cooperación ó desenvolvemento (Mozambique, Guinea Ecuatorial, Sahara e Marruecos).
- Convenio coa **Universidade de A Coruña** (Faculdade de Enfermería).
- Convenio coa **Universidade de A Coruña** para a realización de prácticas profesionais, concretamente educación social e psicopedagogía.

ASOCIACIÓN DIGNIDAD-GALICIA

R/Alegre 39, baixo. 15401 FERROL

981358573

www.dignidadferrol.com

- Convenio coa **Universidade de Santiago de Compostela** para a realización de prácticas a través do Consello Social.
- Convenio có **Instituto de Formación Profesional Tomás Barros**.
- Entidade de acción voluntaria de la Xunta de Galicia.